



## RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

**ASUNTO:** RESOLUCIÓN RECURSO REPOSICIÓN EXPTE O-6/2017 (CONTRATACIÓN SENDAS PEONÍS CALO E TILOS)

**EXPEDIENTE:** 2018/G003/000051

Visto que con data 20 de novembro de 2017, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con un único criterio de valoración, factor prezo, da obra denominada "CONSTRUCCIÓN DE SENDAS PEONÍS EN CALO E OS TILOS. CONCELLO DE TEO", asignándolle o número de expediente O-13/17.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 14 de novembro de 2017, que rexerán a contratación.*

*Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente por importe de 244.124,71 €, dos que 201.755,96 corresponden ao valor estimado do contrato e 42.368,75 € ao IVE, con cargo á partida orzamentaria 450.619.00 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.*

*Cuarto.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adjudicación, publicando o anuncio de licitación no BOP, no perfil do contratante do Concello, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que de acordo co establecido no Real Decreto 817/09, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público, estará integrada polos membros que se indican a continuación:*

*Presidente: O alcalde ou concelleiro que o substitúa.*

*Vogais:*

- A secretaria xeral do concello.*
- A interventora do concello.*
- O arquitecto municipal.*
- A concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade.*
- Un/ha concelleiro/a designado/a polo grupo municipal do PP.*

*Secretaría:*

*A adxunta a secretaría xeral do concello.*

*Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as substitúan, a concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, polo concelleiro de infraestruturas, o*



*arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal e o/a concelleiro/a designado/a polo grupo mixto, por outro/a concelleiro/a que designe o referido grupo. A secretaria da mesa será substituída polo administrativa adscrita a secretaria.*

*A composición da mesa deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Teo cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación, tal como establece o artigo 21.4 do citado RD 817/2009.”*

Visto que con data 12 de decembro de 2017 publícase o anuncio de licitación no BOP (núm. 234) e no perfil do contratante do Concello de Teo; e que con data 13 de decembro de 2017 o anuncio é publicado no xornal La Voz de Galicia.

Visto que con data de Rexistro de Entrada de 28 de decembro de 2017 e núm. 11.015 preséntase escrito de recurso de reposición por parte de dona Verónica Val Vázquez, actuando en nome e representación da Federación Gallega de la Construcción, contra a “Resolución de 5 de decembro de 2017 pola que se procede a anunciar a licitación para a contratación das obras de “Expediente O-13/17 Construcción de sendas peonís en Calo e Os Tilos””.

Considerando, en canto ao prazo, que o referido recurso foi interposto dentro do fixado legalmente polo artigo 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando que o escrito de recurso indica ser improcedente a clasificación establecida no anuncio de licitación, en concreto:

GRUPO E. Subgrupo 3. Categoría 2

GRUPO G. Subgrupo 3. Categoría 2,

debendo modificarse pola a clasificación seguinte:

GRUPO E. Subgrupo 1. Categoría 1.

GRUPO G. Subgrupo 6. Categoría 1.

Considerando que con data 8 de xaneiro de 2017 emítense informe xurídico e informe técnico no cal se indica que considera “axeitado que as empresas contratistas licitadoras para executar a obra definida polo proxecto “Construcción de sendas peonís



en Calo e Os Tilos. Concello de Teo" redactado polo arquitecto municipal D. Ignacio Soto González, dispoñan da seguinte clasificación:

GRUPO E. Subgrupo 1. Categoría 1.

GRUPO G. Subgrupo 3. Categoría 1."

Á vista do disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local,

## RESOLVO

PRIMERO.- Admitir a trámite o recurso interposto por dona Verónica Val Vázquez, actuando en nome e representación da Federación Gallega de la Construcción en data de Rexistro de Entrada de 28 de decembro de 2017 e núm. 11.015, calificando dito recurso como recurso potestativo de reposición.

SEGUNDO.- Estimar, de acordo co informe técnico de data 8 de xaneiro de 2018, o recurso potestativo de reposición interposto, no que se refire ao subgrupo e á categoría do Grupo E, quedando fixado polo tanto o subgrupo 1 e a categoría 1; así mesmo estimar, de acordo co informe referido, o recurso de reposición no relativo á categoría do Grupo G, quedando polo tanto fixada a categoría 1 .

TERCEIRO.- Desestimar, de acordo co informe técnico de data 8 de xaneiro de 2018, o recurso referido no relativo ao subgrupo do Grupo E, quedando polo tanto fixado o subgrupo 3.

CUARTO.- Ordenar a publicación do anuncio de licitación no BOP da Coruña e no perfil do contratante do Concello de Teo, no que conste como clasificación a efectos de acreditación da solvencia a que a continuación se indica, abrindo novo prazo para a presentación de solicitude durante vinte e seis días a contar desde a publicación do anuncio referido:

GRUPO E. Subgrupo 1. Categoría 1.

GRUPO G. Subgrupo 3. Categoría 1.



QUINTO.- Notificar a presente resolución aos interesados e publicala no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do concello.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz